



XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR, S.A.

CONVOCATORIA XUNTA XERAL ORDINARIA

O Consello de Administración de Xestión do solo de Galicia- Xestur, S.A., na súa reunión do 26 de xuño de 2020, acordou convocala Xunta Xeral Ordinaria de accionistas, que se celebrará no domicilio social da sociedade (Área Central, local 25Z-1º andar, Polígono Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela), o **28 de xullo 2020, ás 11.00 horas** en **primeira convocatoria** ou, de non alcanzarse o quorum necesario, o día **29 de xullo de 2020, no mesmo lugar e hora, en segunda convocatoria.**

A Xunta Xeral de Accionistas convócase ó obxecto de deliberar e resolver acerca dos asuntos comprendidos na seguinte:

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procedera, das contas anuais do exercicio económico 2019.
2. Dar conta da proposta do Consello de Administración acerca da conveniencia de efectuar unha compensación das perdas a través da prima de emisión, reducindo, asemade, o capital social coa mesma finalidade, e acordar, se procedera, a prórroga do nomeamento do auditor da sociedade polo tempo necesario para auditar o balance sobre o se efectuaría a devandita redución de capital.
3. Rogos e preguntas.
4. Formalización e execución de acordos.
5. Aprobación da Acta da Xunta.

De conformidade co artigo 197 do Real Decreto Legislativo 1/2010, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital (LSC), os accionistas poderán solicitar dos Administradores, acerca dos asuntos comprendidos na orde do día, as informacións ou aclaracións que estimen precisas, ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes, ata o sétimo día anterior ao previsto para a celebración da Xunta. Así mesmo, conforme aos artigos 272 e 287 da LSC, calquera socio poderá obter da sociedade, de xeito gratuito, os documentos que deben ser sometidos á aprobación da mesma, así como o informe de xestión e o informe do Auditor de Contas.

En Santiago de Compostela a 26 de xuño de 2020.

O Secretario do Consello de Administración.

Ángel Rodríguez González